



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE E A ASOCIACIÓN CLÚSTER DA FUNCIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA PARA O IMPULSO DO CORREDOR ATLÁNTICO NOROESTE E COLABORACIÓN NA POSTA EN MARCHA DA ESTRATEXIA LOXÍSTICA DE GALICIA

REUNIDOS

Dunha parte, **Ethel M^a Vázquez Mourelle**, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, facultada para a formalización deste convenio pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia en relación co Decreto 60/2022, de 15 de maio, polo que é nomeada conselleira de Infraestruturas y Mobilidade.

Doutra parte, **Xoán Martínez Reboredo**, en nome e representación da Asociación Clúster da Función Loxística de Galicia (en adiante, CFLOX), con C.I.F. G-94194594 e domicilio en Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura, Monte Gaiás, s/n – Santiago de Compostela. Comparece na súa calidade de Presidente da devandita Asociación, en virtude da acta fundacional de data 30 de xullo de 2019.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

I. Que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade é o órgano da Xunta de Galicia con competencias en materia de planificación, coordinación e seguimento da política xeral de transportes e execución dos servizos e das infraestruturas de transportes na Comunidade Autónoma; de promoción da investigación sobre transporte, loxística e mobilidade, e de asesoramento nestas materias. Así mesmo, é o órgano competente en materia de planificación, promoción, proxección, construción e xestión dos centros integrados de transporte e de plataformas para as actividades do transporte e operatividade loxística de mercadorías; de programación de investimentos, obras e instalacións de transportes por estrada, ferrocarril, aéreo e por cable e sobre o réxime administrativo, dirección, inspección e control delas no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma.

/segue/





II. Que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de elaborar a Estratexia Loxística de Galicia para impulsar o transporte ferroviario de mercadorías entre Galicia, o resto de España, Portugal e o conxunto da Unión Europea, a través do Corredor Atlántico, en base ao desenvolvemento dunha rede de infraestrutura ferroviaria eficiente para o transporte de mercadorías, que conecte os nodos loxísticos intermodais e dea soporte ás necesidades loxísticas da economía de Galicia.



III. Que entre os obxectivos desta Estratexia están:

- Impulsar a implantación dos estándares ferroviarios da Rede TENT-T) da ampliación do corredor Atlántico a Galicia.
- Impulsar o completo desenvolvemento das restantes infraestruturas ferroviarias galegas para o transporte de mercadorías.
- Desenvolver unha rede optimizada e eficiente de terminais intermodais ferroviarias para mercadorías.
- Incrementar a colaboración entre operadores de diferentes modos de transporte.
- Brindar atención específica a grandes infraestruturas lineais e nodais de transporte ferroviario a través da planificación existente.
- Potenciar a colaboración interrexional a través da Macrorexión RESOE (España e Portugal).
- Promover incentivos que impulsen o transporte intermodal.

IV. Que, segundo figura na Estratexia, entre os puntos fortes que posúe a comunidade galega para o seu desenvolvemento loxístico, salienta a existencia de cooperación e clusterización entre empresas de transporte e loxística con agrupacións industriais, con vocación de uso ferroviario para o impulso da intermodalidade.

V. Que o CFLOX é unha asociación empresarial galega sen ánimo de lucro, cuxa misión é axudar a dotar á función loxística de Galicia dunha maior eficiencia, promovendo a súa competitividade, cunha especial atención á innovación e a internacionalización das empresas que forman parte da cadea de valor da función loxística galega, unindo esforzos e intereses de forma colectiva, de xeito que se sitúe a Galicia como un polo loxístico de referencia global.

/segue/





O CFLOX é unha asociación aberta e participativa, coa vocación de unir os esforzos dos prestadores de servizos de transporte e loxística e das empresas demandantes destes servizos. Unha agrupación industrial transversal acorde á crecente relevancia da loxística como elemento fundamental de competitividade empresarial e territorial.

Ademais, xunto con esta finalidade principal, a asociación ten entre os seus obxectivos promover a competitividade das infraestruturas de Galicia con respecto a outras rexións, favorecer a conectividade exterior da industria galega e os servizos en Galicia e cooperar de xeito intersectorial, para o que poderá organizar actividades para promover a conectividade exterior da industria galega así como impulsar actuacións que favorezan o desenvolvemento sostible e respectuoso co medio ambiente, mediante a adecuación de tecnoloxías ecoeficientes, ou promover os servizos para a análise e a prospectiva permanente do sector e as súas tendencias a nivel autonómico, español e internacional, entre outras.

Ao ser unha entidade sen ánimo de lucro, os beneficios que obteña por calquera concepto se destinan exclusivamente ao cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

VII. Que a Xunta de Galicia e o CFLOX comparten o interese de poñer en marcha a Estratexia Loxística e acadar os seus obxectivos, potenciando un transporte de mercadorías intermodal, sostible e eficiente.

Estas necesidades converten o presente convenio na vía adecuada para acadar os obxectivos descritos, dada a especificidade e as características que se dan no CFLOX, que é única entidade en Galicia que agrupa e representa a todo o sector loxístico de Galicia, cuxos obxectivos principais coinciden coas iniciativas da Estratexia Loxística de Galicia e dado que se configura como unha entidade sen ánimo de lucro, aberta á participación dos axentes que compartan os seus fins que é o punto de encontro dos diversos axentes da función loxística galega e ten como obxectivos á concertación de proxectos de colaboración intersectoriais, o mantemento da competitividade das infraestruturas de Galicia con respecto a outras rexións e o favorecemento da conectividade exterior da industria galega.

/segue/





Esa especificidade singular xunto coa experiencia, preparación especializada e os propios medios da asociación, implican vantaxes e sinerxías así como a axeitada dinámica e axilidade para a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ao manter unha relación colaborativa fluída, eficiente e sinérxica cun só actor.



VIII. Por outra banda, mediante este convenio a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade establece un marco de colaboración que une as dúas experiencias e eidos de competencias de cadaquén para conseguir fins comúns de interese público como son os de desenvolver un sistema loxístico galego competitivo, potenciando as infraestruturas e o transporte como factores de calidade de vida e de competitividade, promovendo actuacións que garantan o transporte de mercadorías en tempos e condicións competitivas, nun contexto de economía globalizada, no se que impulse a acción exterior do tecido produtivo galego e dea resposta aos retos derivados da internacionalización das cadeas de subministro, dos procesos globais de relocalización industrial, do cambio tecnolóxico e das novas pautas e tendencias de consumo.

E esta idea de colaboración na consecución do fin común de potenciar as infraestruturas e o transporte como factores de crecemento e competitividade é o que fundamenta a subscripción deste instrumento para a concesión directa dunha subvención ao abeiro do disposto nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 36.c) e 40.1 a) do Regulamento de dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na que polos motivos sinalados, concorren razóns de interese público para o seu outorgamento sen convocatoria pública.

Por todo iso, a consellería e o CFLOX están interesados en colaborar para a consecución dos obxectivos comúns nas materias ás que se fai mención nos expositivos precedentes e, para ese efecto, subscriben o presente Convenio de acordo coas seguintes

/segue/

Asinado por: GARABAL RIVADULLA, BEATRIZ
Cargo: Secretaria de Director Xeral
Data e hora: 10/07/2023 13:17:52
Motivo: Copia auténtica do original

CVE: SVIH4u9FHJh2
Verificador: <https://sede.xunta.gal/cve>





CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é o outorgamento dunha subvención directa para sufragar os gastos derivados das actividades relacionadas coa promoción do Corredor Atlántico Noroeste e a súa colaboración na posta en marcha e divulgación da Estratexia Loxística, dende as necesidades e a experiencia do sector loxístico galego para potenciar un transporte intermodal, sostible e eficiente.

SEGUNDA.- ACTUACIÓNS

As actividades e actuacións que se consideran subvencionables dentro do presente convenio son as seguintes:

- Actividades destinadas a promover o Corredor Atlántico Noroeste a través da colaboración entre a Xunta de Galicia, empresas privadas e resto de actores involucrados na función loxística.
- Actividades e actuacións destinadas á posta en marcha e divulgación da Estratexia Loxística de Galicia.
- Actividades e actuacións destinadas á promoción do transporte intermodal de mercadorías en Galicia e das súas plataformas loxísticas.
- Actividades e actuacións destinadas á promoción, en foros nacionais e internacionais das capacidades e potencial loxístico de Galicia.

TERCEIRA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O importe máximo obxecto de financiamento das actuacións obxecto deste convenio ascende a **140.000,00 €**

/segue/





Estímase o seguinte reparto en función das actividades e anualidades orzamentarias:

ACTIVIDADE	2023	2024	2025	TOTAL
Promoción Corredor Atlántico Noroeste	8.500,00 €	9.750,00 €	9.750,00 €	28.000,00 €
Posta en marcha e divulgación da Estratexia Loxística	16.000,00 €	19.000,00 €	19.000,00 €	54.000,00 €
Promoción do transporte intermodal	4.000,00 €	13.000,00 €	13.000,00 €	30.000,00 €
Promoción do potencial loxístico de Galicia	3.000,00 €	12.500,00 €	12.500,00 €	28.000,00 €
	31.500,00 €	54.250,00 €	54.250,00 €	140.000,00 €



A vista da actividade desenvolvida, a Comisión de Seguimento establecida no presente convenio poderá incorporar modificacións nas partidas establecidas no orzamento anterior, sempre respectando o orzamento total establecido, para as anualidades 2024 e 2025.

Os importes asignados inicialmente a cada unha das actividades previstas neste cadro poderán ser reasignados entre as distintas actividades sempre que non se altere a contía total do convenio, que en todo caso terá carácter de máximo.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade achegará a cantidade de **#140.000,00€#** con cargo a aplicación orzamentaria 09.02.512A-780.1 , código de proxecto 2023 00221, procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

A achega que fai a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para posibilitar a realización das actuacións será dedicada aos gastos de execución do traballo, e só cubrirá o custo de realización da actividade sen que o CFLOX obteña beneficio ou lucro industrial algún coa mesma.

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

1. De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollido na cláusula terceira e que se realicen a partir da sinatura do convenio. En ningún caso o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao seu valor de mercado.

/segue/





2. Co obxecto de garantir que as actuacións a desenvolver por parte de CFLOX respondan á natureza da actividade subvencionada, esta deberá acadar previamente a súa autorización pola Dirección Xeral de Mobilidade.

3. Cando a actuación subvencionada sexa realizada directamente polo beneficiario desta subvención, os gastos aplicables ao obxecto do convenio serán os custos directos das actividades obxecto de subvención, tendo tal consideración os que a continuación se detallan:

a) Gastos de persoal: inclúense neste apartado os custos relativos ao persoal técnico, de xestión ou coordinación propio necesario para desenvolver as actividades relativas ás actuacións contidas na cláusula segunda.

b) Gastos correntes: inclúense neste apartado os custos necesarios para o desenvolvemento da actividade, relacionados cos custos de desplazamento e suministros.

c) Gastos indirectos: os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputaran polo beneficiario á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade, e deberán tomar como referencia os valores establecidos para a administración pública, cando estes existan.

Cando a actividade subvencionada sexa realizada mediante subcontratación a terceiros polo beneficiario desta subvención, o gasto subvencionable rexerese polo disposto no punto primeiro desta cláusula e o disposto na cláusula quinta deste convenio.

4. De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.





5. Os tributos son gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria da subvención os abona efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos personais sobre a renda.



6. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data de finalización do prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. O CFLOX quedará obrigado a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

QUINTA. SUBCONTRATACIÓN

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actuacións subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sempre e cando CFLOX acade previamente a súa autorización pola Dirección Xeral de Mobilidade. Neste caso, deberá achegar unha solicitude motivada, xustificando a súa necesidade.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración. A entidade CFLOX será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respeten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

/segue/





QUINTA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1. O CFLOX comprométese a:

a) Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas segunda e terceira deste convenio e a xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

b) Facer constar a cooperación da Xunta de Galicia, de acordo co Manual de identidade corporativa, en toda a información que se difunda sobre as actuacións obxecto do convenio, tanto nas reunións, nos medios de comunicación como no material que se puidera distribuír.

c) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino da subvención.

d) Comunicar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

e) Presentar, antes da sinatura deste convenio, declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

f) As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

/segue/



[Handwritten signature]





2. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade comprométese a colaborar co CFLOX para a mellor consecución dos fins deste convenio e a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula terceira.

SEXTA.- COMPATIBILIDADE



De acordo co disposto no artigo 40.1 letra d) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

SÉTIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN E PAGO

O prazo para presentar a documentación xustificativa do gasto e pago por parte do beneficiario remata o 30 de novembro de cada anualidade.

A Asociación Clúster da Función Loxística de Galicia está exenta da obriga de constitución de garantías para a realización de pagos a conta de acordo co disposto nos artigos 62 e 67 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

/segue/





No mesmo prazo o CFLOX deberá presentar ante a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a solicitude de pago anual da parte comprometida por aquela e a xustificación que se efectuará segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, que conterá a seguinte documentación:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos obxectivos do presente convenio, con indicación das actividades realizadas.
2. Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, coa identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, de ser o caso, data de pago. No caso de existir desviacións con respecto ao orzamento estimado establecido na cláusula terceira, indicaranse, e o seu motivo.

En relación aos gastos que sexan realizados directamente polo beneficiario deberá achegar unha ficha na que se indiquen os gastos de persoal.

3. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa aplicados a cada actuación, así como os gastos indirectos que se lle apliquen deberán ser incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior.

4. A documentación acreditativa do pago, mediante a presentación de transferencias bancarias, certificacións bancarias orixinais ou extractos de pagamento. Non se admitirán pagamentos en efectivo.

5. Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no apartado dous.

/segue/





6. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade, con indicación do importe e a súa procedencia.

7. No seu caso, os tres orzamentos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. No seu caso, a carta de pago de reintegro nos supostos de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

O CFLOX ademais deberá presentar:

-Unha declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

-Unha declaración na que CFLOX indicará se lle concederon outras axudas para a/as actividade/es para a/as que se solicita subvención durante calquera período de tres exercicios fiscais, con expresión do organismo concedente, ano, importe expresado en euros e disposición reguladora da axuda solicitada ou concedida. En caso contrario, a entidade deberá declarar que non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para a/as actividade/es para a/as que se solicita subvención. Esta declaración deberá presentala igualmente con carácter previo a concesión da subvención.

Para estes efectos, terase en conta o artigo 3.2 do Regulamento (UE) n.º 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013.

- Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Detalle da documentación e soportes nos que conste a colaboración coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

/segue/





- Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Consellería, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento estimado establecido na cláusula terceira.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula terceira, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levan a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENA.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas o CFLOX deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

/segue/





DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado polo CFLOX e por un representante designado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.



A súa actuación axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

En relación coa subvención concedida, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos.

DÉCIMA PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

A modificación do convenio levarase a cabo por acordo expreso das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto as contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento de dita lei.

/segue/





DÉCIMO SEGUNDA.- EXTINCIÓN

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
 - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
 - e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA

Este convenio ten natureza administrativa e está fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións Públicas, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público de conformidade co disposto no apartado segundo do seu artigo 6.2.

/segue/





Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Asemade, tamén lle será de aplicación o Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión de 18 de decembro de 2013 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.

A Xurisdición Contencioso-Administrativa será a competente para resolver cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a natureza administrativa deste.

DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMO QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 de 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, de 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 de 3 de agosto).





As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio na data indicada no pé de firma,

12 XUN. 2023

Pola Consellería de
Infraestruturas e Mobilidade
Ethel M^a Vázquez Mourelle



**Clúster da función loxística
de Galicia**

G-94.194.594

**Edificio CEM – Cidade da Cultura – Galás
15707 – Santiago de Compostela**

Pola Asociación Clúster da Función
Loxística de Galicia
Xoán Martínez Reboredo



